RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0738 [Resolución alta padrón municipal de habitantes JBPG];20/12/2022 15:53;Expediente 1036/2022 --Alta padrón municipal de habitantes JBPG --;1036/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0739 [RESOLUCION DE CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN DA OBRA NOVO TRAZADO R/HERMINIA FARIÑA];20/12/2022 15:53;Convocatoria Mesa de contratación para a apertura e valoración do SOBRE B para a contratación do servizo de redacción do Novo Trazado da Rúa Herminia Fariña Cobián --;836/2022;Actuacións Urbanísticas;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0737 [RESOLUCIÓN DA PRESIDNECIA DE CONVOCATORIA DA UNIDADE TECNICA ALUMEADO VISTA ALEGRE BARREIRO ABUIN];20/12/2022 11:00;CONVOCATORIA UNIDADE TECNICAAMPLIACION DE DÚAS ZONAS DE ALUMEADO VISTA ALEGRE BARREIRO ABUÍN PLAN CONCELLOS 2022 --;1063/2021;Contratacións;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0736 [RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA DE UNIDADE TÉCNICA MELLORA INSTACION ESTACION DE BOMBEO];20/12/2022 11:00;CONVOCATORIA UNIDADE TÉCNCIA MELLORA EQUIPO DE BOMBEO AUGA --;1086/2021;Contratacións.;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0735 [644-2022_DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN ULTIMO AVISO_P158_CONCEPCIÓN CONDE DOMINGUEZ];19/12/2022 14:07;SIA 1490821 -- 270 Permisos Medio Ambiente -- Expediente 644/2022 -- 76812515J Maria Elena Fandiño Chantada, CONSUELO CONDE DOMINGUEZ -- INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE LIMPEZA DE PARCELAS EN PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS --;644/2022;Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0734 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA PVIMENTACION E MELLORA SEGURIDADE VIAL VIARIOS PADRENDA COVAS XIL MEAÑO SIMES. LOTE 1];19/12/2022 13:09;INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL LOTE 1;917/2022;Contratacións.;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0733 [Resolucion da alcaldia pago factura FE22 220];16/12/2022 9:35;Resolucion pago factura FE22 220;107/2022;Pagos;subscricións completa



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 17

RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0732 [Decreto da convocatoria XGL];15/12/2022 13:47;Expediente JGL/2022/22 --Convocatoria;JGL/2022/22;Convocatoria de A Xunta de Goberno Local;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0731 [RESOLUCION DA ALCALDIA LICENZAS E COMUNICACIONS PREVIAS DECEMBRO 2022];15/12/2022 11:25;SIA 1497441 -- 400 Urbanismo y Medio Ambiente -- Expediente 1047/2022 -- LICENZAS URBANISTICAS E COMUNICACIONS PREVIAS DECEMBRO 2022 --;1047/2022;Licenzas Urbanísticas;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0730 [746-2022_DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN_2ºAVISO_P101_AINOA PEREZ SERANTES];15/12/2022 9:41;SIA 1490821 -- Expediente 746/2022 -- INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE LIMPEZA DE PARCELAS EN PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS -- P101 Ainhoa Perez Serantes;746/2022;Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0729 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE MIRADOR E AXARDIANMENTO DO MONTE A TOXA];14/12/2022 21:21;INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO PARA MIRADOR E AXARDINAMENTO NO MONTE A TOXA.EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN --;910/2022;Contratacións;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0728 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATO MENOR DO CONTROL DE CALIDADE DA OBRA MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ABUÍN A DADÍN];14/12/2022 20:22;- CONTRATO MENOR DO CONTROL DE CALIDADE DA OBRA MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ABUÍN A DADÍN --;1072/2022;Contratacións;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0727 [Decreto da convocatoria XGL];14/12/2022 15:05;Expediente JGL/2022/21 --Convocatoria.;JGL/2022/21;Convocatoria de A Xunta de Goberno Local;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0726 [Resolución alta padrón municipal de habitantes por nacemento CTF];14/12/2022 14:45;Expediente 1070/2022 --Alta padrón municipal de habitantes por nacemento CTF;1070/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0725 [RESOLUCION DE ALCALDIA EMERXENCIA SOCIAL];14/12/2022 11:11;700 Servicios Sociales -- Expediente 48/2022 -- Vales para adquisición de productos de primeira necesidade, hixiene e limpeza do Programa Emerxencia Social do mes de decembro de 2022 --;48/2022;Servizos Sociais;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0724 [Decreto alcaldia Multas];14/12/2022 9:44;Decreto expediente multas;152/2020;Sancionador de Tráfico e Transportes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0723 [Resolución alta padrón municipal de habitantes por nacemento MPG];12/12/2022 20:03;Expediente 1067/2022 -- Alta padrón municipal de habitantes por nacemento MPG;1067/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0722 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CONVENIO COMEDOR ESCOLAR CEIP COIRÓN-DENAPERÍODO SETEMBRO-NOVEMBRO];12/12/2022 13:28;CONTA XUSTIFICATIVA CONVENIO COMEDOR ESCOLAR 2021-2023. PERIODO SETEMBRO-NOVEMBRO;181/2021;Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción);subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0721 [Resolucion de pagos mes de decembro II];12/12/2022 12:20;SIA 2237007 -- 200 Secretaría -- Expediente 107/2022 -- Múltiples interesados -- PAGOS ANUALIDADE 2022 --;107/2022;Pagos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0720 [221212_ RESOLUCIÓN AUTORIZACIÓN TIRADA FOGOS 13-14decembro - DENA- Pirotecnia MILLARENGO];12/12/2022 11:07;SIA 1497448 -- Expediente 1066/2022 -- 32709888R ALBERTO MILLARENGO AGULLO -- TIRADA DE FOGOS E ARTEFACTOS PIROTÉCNICOS , 13-14 decembro EN Dena. --;1066/2022;Declaracións Responsables ou Comunicacións de Actividades e Espectáculos Públicos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0719 [RESOLUCION DA ALCALDIA DE APROBACIÓN DO PROXECTO INTEGRAL PAVIMENTACION E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA. LOTE 1 PADRENDA, COVAS, XIL, MEAÑO E SIMES];12/12/2022 11:07;PROXECTO INTEGRAL DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DE VIARIOS DO TERMO MUNICIPAL LOTE 1 (PADRENDA-COVAS-XIL- MEAÑO-SIMES) --;917/2022;Contratacións.;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0718 [RESOLUCION DA ALCALDÍA APROBACIÓN DO PROXECTO INTEGRAL DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN VIARIOS NO TERMO MUNICIPAL MEAÑO (PARROQUIIA DENA)LOTE 2];12/12/2022 11:07;APROBACIÓN PROXECTO INTEGRAL DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA SEGURIDADE VIAL VARIOS CAMIÑOS. LOTE 2 (PARROQUIA DENA) --;916/2022;Contratacións.;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0717 [Resolucion de pagos decembro I];09/12/2022 14:23;Pagos de decembro



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 17

I.;107/2022;Pagos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0716 [Resolución baixa no padrón municipal de habitantes por inclusión indebida (JAC, JEAG, JAG e RGV)];09/12/2022 14:23;Expediente 701/2022 -- Baixa padrón municipal de habitantes por inclusión indebida;701/2022;Padrón Municipal de Habitantes (Baixa);subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0715 [Resolución alta padrón municipal de habitantes por nacemento ERD];09/12/2022 10:38;Expediente 1062/2022 -- Alta padrón municipal de habitantes por nacemento ERD;1062/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0714 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CONTRATACIÓN DO ALUMEADO DE NADAL];07/12/2022 13:19;CONTRATACIÓN ALUMEADO NADAL 2022 --;1050/2022;Contratacións;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0713 [Incoacion procedementos sancionadores materia trafico];07/12/2022 9:22;Incoacion procedementos sancionadores materia trafico;152/2020;Sancionador de Tráfico e Transportes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0712 [Resolución alta padrón municipal de habitantes CRR];05/12/2022 12:43;Expediente 1026/2022 -- Alta padrón municipal de habitantes CRR;1026/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0711 [Resolución alta padrón municipal de habitantes LTL];05/12/2022 12:43;Expediente 1026/2022 -- Alta padrón municipal de habitantes LTL;1026/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0710 [Resolución alta padrón municipal de habitantes LTR];05/12/2022 12:43;Expediente 1026/2022 -- Alta padrón municipal de habitantes LTR;1026/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0709 [221205_ RESOLUCIÓN AUTORIZACIÓN TIRADA FOGOS 11decembro - Xil- Pirotecnia López];05/12/2022 11:02;SIA 1497448 -- 270 Permisos Medio Ambiente -- Expediente 1056/2022 -- B15368715 PIROTECNIA LOPEZ SL -- TIRADA DE FOGOS E ARTEFACTOS PIROTÉCNICOS , 11 DECEMBRO EN XIL. --;1056/2022;Declaracións Responsables ou Comunicacións de Actividades e Espectáculos Públicos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0708 [RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN TEMPORAL MONITOR ACTIVIDADES FISICODEPORTIVAS];05/12/2022 11:02;CONTRATACION DE MONITOR DE ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS;861/2022;Seleccións de Persoal e Provisións de Postos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0707 [RESOLUCION APROBACION BASES Y CONVOCATORIA PROCESOS DE ESTABILIZACION];02/12/2022 11:43;SIA 1490805 -- 200 Secretaría -- Expediente 415/2022 -- Múltiples interesados -- OFERTA DE EMPREGO PUBLICO 2022: PROCESOS ESTABILIZACION -- APROBACION BASES E CONVOCATORIA;415/2022;Planificación e Ordenación de Persoal;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0706 [OREDEN DOMICILIACIÓN BANCARIA ATRASOS XANEIRO OUTUBRO 2022 (RDL18/2022, DE 18 OCTUBRE)];01/12/2022 10:31;Resoluciones de pago ATRASOS XANEIRO OUTUBRO 2022 (RDL 18/2022, DE 18 DE OUTUBRO);43/2022;Nóminas;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0705 [ORDEN DOMICILIACIÓN BANCARIA NÓMINAS NOVEMBRO 2022];01/12/2022 9:03;Resoluciones de pago NOMINAS NOVEMBRO 2022;43/2022;Nóminas;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0704 [RESOLUCIÓN GRATIFICACIÓN PRODUCTIVIDADE NOVEMBRO 2022];30/11/2022 14:27;RESOLUCIÓN GRATIFICACIÓN PRODUCTIVIDADE NOVEMBRO 2022;43/2022;Nóminas;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0703 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUMEADO DE NADAL];30/11/2022 13:44;CONTRATO MENOR ALUMEADO NADAL 2022 --;1050/2022;Contratacións;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0702 [Resolución alta padrón municipal de habitantes CMB];30/11/2022 13:21;Expediente 1051/2022 -- Alta padrón municipal de habitantes CMB;1051/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0701 [Resolución alta padrón municipal de habitantes LMG];30/11/2022 13:21;Expediente 1032/2022 - Alta padrón municipal de habitantes LMG;1032/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0700 [Relacion orden e transferencia pagos novembro];30/11/2022 10:59;Relacion de orden e transferencia pagos novembro;107/2022;Pagos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0698 [Relacion aprobacion facturas novembro 2];29/11/2022 14:57;Relación



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 17

aprobación pagos novembro II.;107/2022;Pagos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0699 [Relacion aprobacion facturas novembro I];29/11/2022 14:57;Relación aprobación pagos Novembro I;107/2022;Pagos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0697 [Resolucion de reparos e validacion do gasto];29/11/2022 14:53;RESOLUCION DE REPAROS E VALIDACION DE GASTO;107/2022;Pagos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0696 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE OBRAS E EQUIPAMENTO PARA COMEDOR ESCOLAR NO CEIP];29/11/2022 14:53;RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITO CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE OBRAS E EQUIPAMENTO PARA COMEDOR ESCOLAR NO CEIP;991/2022;Recoñecemento Extraxudicial de Créditos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0695 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APLICACIÓN DO INCREMENTO RETRIBUTIVO ADICIONAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE MEAÑO];29/11/2022 14:15;APLICACION DO INCREMENTO RETRIBUTIVO ADICIONAL DO PERSOAL AO SERVIZO DE CONCELLO DE MEAÑO (R.D. LEY 18/2022, DO 18 DE OUTUBRO);43/2022;Nóminas;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0694 [RESOLUCIÓN FORMACIÓN BOLSA CONTRATACIÓN MONITOR/A ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS];29/11/2022 10:46;RESOLUCIÓN FORMACIÓN BOLSA CONTRATACIÓN MONITOR/A ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS;861/2022;Seleccións de Persoal e Provisións de Postos;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0693 [APROBACIÓN DA FACTURA CORRESPONDENTE A REALIZACION DA AUDITORIA MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO];28/11/2022 18:20;APROBACION DA FECTURA CORRESPONDENTE A EXECUCIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORIAS MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO --;768/2022;Contratacións.;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0692 [RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO INFORME DE AUDITORÍA DO SISTEMA DE ABASTECEMENTO EN ALTA E DE SUBMINISTRO EN BAIXA PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGAS DO MUNICIPIO DE MEAÑO.];28/11/2022 18:20;APROBACIÓN DE AUDITORIA MUNICIPAIS DE ABASTECEMENTO. PLANS DE ACTUACIÓNS.;630/2022;Subvencións Solicitadas a Outra Administración;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0691 [Resolución alta padrón municipal de habitantes NVS];28/11/2022 18:20;Expediente 985/2022 -- Alta Padrón municipal de habitantes NVS;985/2022;Padrón Municipal de Habitantes;subscricións completa
RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0690 [RESOLUCIÓN ALCALDIA AXUDA EMERXENCIA. COMPRA ELECTRODOMESTICO V. R.CH.];25/11/2022 14:50;SIA 1497471 -- 700 Servicios Sociales -- Expediente 959/2022 -- - Solicitude de axuda básica de emerxencia social: electrodoméstico a nome de V. R. Ch. --;959/2022;Servizos Sociais;subscricións completa

Queda dado conta

**C) Mocións**

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MI SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO CEIP COIRÓN-DENA. (EXP. 862/2022).-

Nos termos do artigo 82.2 e 3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, foi incluído no orde do día a moción presentada, con data 23-01-2023, n.º de rexistro 2023-E-RE-173, polo voceiro do Grupo Municipal MI, sobre a xestión do comedor escolar do CEIP Coirón-Dena.

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr.



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 17

Ásperez Montes quen pasa a dar lectura ao texto íntegro da devandita moción, na que se solicita que se someta a votación neste Pleno a seguinte proposta de acordo:

*“-Instar á Xunta de Galicia a revocar e desestimar a solicitude de instancia feita a través do acordo plenario do 30 de setembro do 2022, dende o Concello de Meaño para que a xestión do Servizo de Comedor do CEIP Coirón-Dena fose asumida directamente pola Xunta de Galicia a partir do curso 2023-2024; recuperando o Concello de Meaño a prestación deste servizo, coa correspondente renovación do convenio vixente coa Xunta de Galicia e no que desapareza a limitación no número de prazas.”*

Expostas as súas posicións polos voceiros dos grupos municipais e polos pais e nais e representantes da ANPA; o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, con dúas abstencións (do/da concelleiro/a do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE) e por once votos a favor (dos/as concelleiros/as do Municipal MI e dos/as concelleiros/as non adscritos), que en todo caso representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ratifica a inclusión deste asunto no Orde do día.

Unha vez deliberada a moción e excluída a parte expositiva da mesma a petición dos grupos municipais; sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda:

Instar á Xunta de Galicia a revocar e desestimar a solicitude de instancia feita a través do acordo plenario do 30 de setembro do 2022, dende o Concello de Meaño para que a xestión do Servizo de Comedor do CEIP Coirón-Dena fose asumida directamente pola Xunta de Galicia a partir do curso 2023-2024; recuperando o Concello de Meaño a prestación deste servizo, coa correspondente renovación do convenio vixente coa Xunta de Galicia e no que desapareza a limitación no número de prazas.

Despois dun breve receso segue a sesión co aparatado rogos e preguntas

**D) Rogos e preguntas**

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

* O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, anuncia os seguintes rogos e preguntas por escrito:

ROGOS PSOE

1- ROGOS PSOE

1. Debido ás intensas choivas destas últimas semanas, as pistas dos montes están en moi malas condicións. Por exemplo, por detrás do cemiterio de Meaño, o camiño que ampliaron, fai relativamente pouco tempo, está destrozado por surcos que impiden o paso. Outras pistas están cheas de pedras arrastradas pola auga. Deberían revisarse todas e facer un mantemento periódico.

2. A ponte de Axís, desde os seus inicios, sempre tivo problemas estruturais, que trataron de



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 17

solucionarse en obras posteriores; pero segue tendo problemas. Un deles é a acumulación de auga nun lateral, que pode provocar unha situación de aquaplanig, que pode provocar danos persoais e materiais. É hora de darlle solución.

3. O coidado do patrimonio municipal é tarefa de toda a veciñanza. No Lugar da Iglesia, en Cobas, atópase unha pequena praza cun lavadoiro que se adecentou fai varios anos. Este lugar está a sufrir desperfectos por culpa dos vehículos que están aparcando enriba da praza. Debería sinalizarse, dalgunha maneira, para concienciar á veciñanza e non se aparque en zonas non de todo axeitadas.

4. Ao pasar esta praza, a veciñanza dispón dunha estrada para acceder ao Outeiro. Dende que están coas obras na carretera principal de Cobas, moita da veciñanza da parroquia está usando este vial que non se atopa nas mellores condicións. Debería revisarse.

5. A senda peonil de Dena a Lores, presenta unha total falta de mantemento. Esta desidia refléxase en pontes rotas, asadores a punto de caer, árbores tiradas, maleza atrancando os tubos, muros caídos… tal e como se pode apreciar nas imaxes que se anexan:

_

6. No pasado pleno informamos da situación da beirarrúa que se atopa fronte a glorieta de Altamira. Entón preguntamos cando se ía arranxar e ante a insinuación de que o faría o concello, insistimos en que debería ser a persoa que ocasionou o dano, e se fixese cargo do gasto. Como se pode ver na imaxe o seu estado non mellorou. Esperamos que non sexa porque está tratando de evitar o diálogo.

7. Durante as obras en Vilaxuega, a empresa adxudicataria utilizou unha finca privada para deixar alí a maquinaria empregada. A pesares que dende o principio, a persoa propietaria solicitou que se acondicionase de maneira axeitada a entrada á finca, coa chegada das choivas veuse que o aceso non se fixo de forma adecuada porque agora, en lugar de finca, ten unha piscina. Á maior brevidade, deberían tratar de solucionarse. 8. Na carretera pegada ao muro do parque do Barreiro, en Xil, existe un tramo sen cuneta que impide que as augas pluviais continúen de forma canalizada, provocando o desbordamento destas augas á carretera. Non estamos seguros de por que non se fixo antes, pero deberíase rematar o empezado.

9. Nas resolucións de alcaldía aparecen unha serie de facturas por un montante bastante elevado, para a compra de material de papelería. Deberíase facer un traballo de concienciación co persoal do concello, para promover o consumo no comercio local, porque etiquetas, tacos de notas, ceras, témperas, gomas de borrar...tamén as venden nos establecementos locais. 10. Revisen ben as resolucións, porque aparecen mencionadas e asinantes persoas que xa non forman parte da Corporación; como por exemplo, no expediente nº 57/2023.

2- PREGUNTAS PSOE:

1. Levamos un tempo sen policía local. Ante esta ausencia, quen se encarga do traballo de entregar citacións, redactar informes, vixilancias VIOGEN e revisión de empadroamentos, entre outros? Quen se encarga de darlle tramitación? De non estalo a facer ninguén, como se vai a recuperar todo ese traballo atrasado? O único policía local co que conta Meaño, vai a dispoñer de axuda cando se reincorpore? Cando está pensado cubrir as 3 prazas vacantes de policía local? Porque levamos preguntando esto último varios plenos, e sempre nos dan largas. Concreten, por favor.

2. Despois de pedir reiteradamente a creación dunha comisión para estudar a posible implantación, ou non, da concentración parcelaria de montes no noso concello; por fin, o mércores 18 de xaneiro, tivo lugar unha reunión en Santiago de Compostela para tratar este asunto. A persoa encargada da explicación, mostrouse disposta a acudir ao noso concello para informar á veciñanza das novas condicións para aplicar a parcelaria de montes. Para cando ten pensado convocar dita reunión? Nesta lexislatura?’



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 17

3. A senda peonil ao seu paso pola Praza Nova de Dena cara Faxín sufre un corte provocado por unha edificación. O Concello está levando algún tipo de negociación para darlle continuidade á senda peonil? No caso de estalo a facer, cando comezaron as negociacións? En que punto están? En caso contrario, por que non se valora esta posibilidade?

4. Como van a quedar as cunetas que se están facendo en Abuín, xunto ao Muiño da Birta? Serán transitables? Cando van rematalas? Construíron unhas, levantáronas; construíron outras, en zonas seguen quedando fondas, sendo perigosas para os transeúntes e vehículos. Cal é a idea? Explíquenos.

5. No pasado pleno presentamos un rogo para solicitar unha interlocución co Concello de Sanxenxo para darlle solución aos problemas de tráfico que está a sufrir Dadín. Xa tiveron a reunión? No caso contrario, téñena programada ou ainda non falaron co Concello de Sanxenxo?

6. Nas resolucións de alcaldía, inclúese unha referida á prorroga do orzamento do exercicio 2022 para o exercicio 2023. Iso significa que non van tramitar os orzamentos do 2023 ata despois das eleccións municipais? Pola contra van a presentalos no pleno de marzo? Van organizar un pleno extraordinario?

7. En máis dunha ocasión, a Secretaria de Intervención, pon reparos a gastos en empresas sen contratos co Concello, dado que son pequenas cantidades, ainda que reiteradas no tempo. Pode explicarnos por que non se adoptan as medidas para adxudicalas seguindo a Lei de contratos do sector público que inclúen os principios de liberdade de aceso ás licitacións, publicidade, transparencia ou libre competencia?

8. “Azul madeira fotografía” ten facturado por un importe de 465,85€ en concepto de “reportaxe Festas de Meaño”. A que se refire concretamente?

9. En que consistiu exactamente o traballo descrito nas resolucións como “traballos publicitarios de J.M G. P.” por valor de 3.491,82€?

10. Tamén relacionado con gastos facturados, aparecen traballos de M.C.F. por valor de 532,40€, 517,88€, 1.183,38€, 1.036,97€ e 1.272,92€. Que traballos foron realizados?

11. Quedou con nós, en plenos anteriores, en que ía concertar unha reunión coa Mancomunidade do Salnés, para falar sobre o Plan Estratéxico de Turismo. Seguimos esperando. Cando vai a organizala?

12. Unha das funcións da secretaría de intervención é velar pola legalidade. Como debe actuar o Concello se se fai un uso incorrecto, se manipula ou minte, sobre o resultado dunha votación e o voto dun grupo para fins publicitarios e electoralistas? Por exemplo, sen ir máis lonxe, o noso grupo votou en contra dos dous candidatos á alcaldía, e así o reflexa a acta e os vídeos dos medios de comunicación. Recentemente, apareceron uns panfletos publicitarios nos que se afirma que o noso grupo se abstivo nesa votación. O Concello debe/pode intervir legalmente para corrixir esta situación e facer que a autoría de este panfleto rectifique e pida perdón publicamente? Igual que a mentira e a manipulación foron públicas. Ou o grupo afectado ten que tomar accións legais sen apoio municipal?

* O Grupo Municipal MI, anuncia os seguintes rogos e preguntas por escrito:

1.- CAL É A SUMA DO GASTO EN SUMINISTRO ELÉCTRIO DO ANO 2019? E DO ANO 2022?

2.- FOI TRASLADADA A MOCIÓN APROBADA EN PLENO SOBRE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A REMATAR E DEIXAR NUNHAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE VIARIA NO ENTRONQUE O PAZO COIRÓN?

3.-ESTÁ A FACERSE O INVENTARIO DOS EDIFICIOS PÚBLICOS QUE CONTAN CON AMIANTO TAL E COMO ESIXE A LEI QUE TEN QUE ESTAR LISTO ANTES DE ABRIL DESTE ANO?

4.-CAL É A CAUSA DE QUE NON COMEZASEN AS OBRAS DO PAVILLÓN DE AS COVAS?



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 17

CAL FOI O RESULTADO DA ACTA DE REPLANTEO?

5.- CAL É A DATA DE CELEBRACIÓN DE SAN GREGORIO EN DENA PARA A QUE FORON INSTALADOS 5 ARCOS PARA ORNAMENTACIÓN POLOS QUE SE PAGARON 1.452 €?

6.- ENTENDEMOS QUE DEBE POÑER EN FUNCIONAMENTO O BANCO DE ALIMENTOS, SEGUE PENSANDO EN NON FACELO? ONDE SE ALMACENAN OS ALIMENTOS DONADOS POLAS DISTINTAS ASOCIACIÓNS ESTE NADAL?

7.- POR QUE NON ESTÁ INSTAURADO O CONTROL HORARIO? HOUBO ALGUNHA SANCIÓN DERIVADA DO ACCIDENTE DO CAMIÓN DO LIXO? ESTÁ PECHADO O EXPEDIENTE?

8.- EMPEZOU XA A FACER SERVIZO O CAMIÓN DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS QUE MERCAMOS?

9.- XA HAI VALORACIÓN DO XULGADO DA INDEMNIZACIÓN DA TRABALLADORA DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE? EN QUE SITUACIÓN LABORAL QUEDA O POSTO DA ARQUITECTA TÉCNICA? CAL É O GASTO DESTA LEXISLATURA PARA RECURSOS NOS XULGADOS DO SOCIAL DE SENTENZAS FAVORABLES A TRABALLADORES E TRABALLADORAS MUNICIPALES?

10.- QUE FIXO RESPECTO DO ROGO QUE FIXEMOS NO MES DE XULLO SOBRE A PROTECCIÓN NA ESTRADA QUE BAIXA DE COBAS A XIL?

11.- PODE CONTESTARNOS AGORA Á PREGUNTA NÚMERO 9 QUE LLE FIXEMOS NO PLENO DE NOVEMBRO EN REFERENCIA DA FONTE DA LAXE EN LORES?

12.- A QUE SE REFIRE A LICENZA URBANÍSTICA CONCEDIDA PARA A REORGANIZACIÓN DE DÚAS FINCAS NO LUGAR DE AS COVAS, ONDE O CAMPO DE FÚTBOL DE A TOXA? QUE USO VAI DAR O CONCELLO PARA A DE TITULARIDADE MUNICIPAL?

13.- A QUE PROCEDEMENTO CORRESPONDE A FACTURA PAGADA Á PROCURADORA SUSANA TOMÁS ABAL POR IMPORTE DE 1.159,92€?

14.- A QUE FOLLETOS SE REFIRE O PAGO A GRÁFICAS DEL SALNÉS DE 193,60€?

15.- CAL É O PROCEDEMENTO ORDINARIO PO 143/2020 POLO QUE SE PAGOU 907,50€ A UNHA AVOGADA?

16.- A QUE SE DEBE O PAGO DE 150 € A RADIO POPULAR S.A.-COPE?

17.- A QUE SE REFIRE O PAGO A VIAJES HALCÓN S.A.U. POR IMPORTE DE 176 €? CANDO FIXO EFECTIVO O REEMBOLSO DOS 600€ DA SÚA VIAXE A BRUXELAS?

18.- POR QUE ESTAMOS SEN POLICÍA LOCAL? NON TEN PENSADO INCORPORAR NINGUNHA DAS PLAZAS QUE FIGURAN NO ORZAMENTO? COMO SE RESOLVEU A SITUACIÓN DA PASADA SEMANA EN DENA NA QUE APARECEU UN COCHE ENRIBA DA BEIRARÚA EN PONTE DENA?

19.- CAL FOI O CUSTE DOS CALENDARIOS QUE SE REPARTIRON O PASADO NADAL? A QUE PARTIDA PRESUPOSTARIA SE CARGOU ESE GASTO? CAL FOI A EMPRESA QUE SE ENCARGOU DO EDITADO E MAQUETACIÓN DESTES CALENDARIOS?

20.- CAL FOI O CUSTE DAS COPAS QUE SE ESTÁN A REPARTIR CO ESCUDO DE MEAÑO E A FRASE “UN BRINDIS POLA VIDA”? A QUEN SE LLE ESTÁN A REPARTIR E CON QUE CRITERIO? QUEN ESTÁ ENCARGADO OU ENCARGADA DE REPARTILAS? CAL É A EMPRESA OU EMPRESAS ENCARGADAS DE ELABORALAS?



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 17

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra aos membros da Corporación, por orde ascendente de representación dos grupos municipais, para que formulen os seus rogos e preguntas; pasandoas a formular e o Sr. alcalde a repostalas, no seu caso.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, polo Sr. presidente dáse por rematada ás 11:49 horas, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:
Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato: VIDEO (WMV)
Nombre archivo: {A1084017-FF7D-4138-8588-490472DA7A31}.wmv

SHA512(Firma):
8137254a5fab6c4b5f482e5bcb6554c6cdb3bf786bcecb0134896f37793a59c6faee1515f865eeaa09418679d1ed5a62f1537d28d4b3ced5befe2aced842d355



Cod. Validación: AWW4MMW5L6CNRKWADKN6ZFSQ6 | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17